

MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

Os mínimos esixibles para unha avaliación positiva na materia serán os seguintes:

1. Saber definir e empregar o vocabulario básico da ética.
2. Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas (as normas, a xerarquía de valores, os costumes, etc.) e os principais problemas morais.
3. Xustificar as propias posicións utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo e participar de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno.
- 4 Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política.
5. Recoñecer os valores fundamentais da democracia na Constitución española e a noción de sistema democrático como forma de organización política en España e no mundo.
6. Identificar e desenvolver os trazos principais das principais teorías éticas.
7. Coñecer as teorías sobre a fundamentación dos dereitos humanos e identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais.
8. Analizar as causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual, utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación e identificar solucións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Se ben todas as actividades desenvolvidas na aula son avaliadas, a cualificación final das distintas avaliacións obterase da seguinte maneira:

- Probas escritas sobre os contidos conceptuais dos temas : 60% da cualificación global.

Realizaráanse dúas probas mínimas por avaliación;

- Correcta realización das actividades programadas e recollidas na libreta con orde, presentación boa e constancia: 20% da cualificación global;
- Exposición dos traballos con seriedade e responsabilidade nas argumentacións: 10% da cualificación global;
- Actitude positiva na aula, participación, seriedade, criterio...:10% da cualificación global;

Na avaliación extraordinaria de setembro a nota máxima que poderá obter o alumnado será de 6.